

FOXO DE GARGAMALA




LOCALIZACIÓN: Lugar: Boente Parroquia: Gargamala Concello: Mondariz Xeozona: Terra de Montes Provincia: Pontevedra	COORDENADAS UTM X: 545.514 Y: 4.681.378 CARTOGRAFÍA: Mapa Topográfico Nacional de España. Folla 224-1 (Barcia de Mera) Escala 1:25.000
--	--

SITUACIÓN:

O foxo de Gargamala ubícase na vertente sur da Serra de Cotodeira, na aldea de Boente preto dos cumios que forman o límite xeográfico entre os concellos de Mondariz e Fornelos de Montes, nunha zona de transición entre as terras altas de divisoria e as pequenas planicies que se forman nos nacementos que alimentan ao río Barragán, na provincia de Pontevedra. Todas estas corgas forman pequenos humedais ou brañas que na primavera-verán son aproveitados polos pigureiros para trasladar o gando en réxime extensivo, aproveitando os pastos frescos das zonas húmidas. O foxo pecha polo norleste o paso do lobo cara a serra, co gaio de armar batidas e atrapar ao cánido cando este se aventura ás terras ocupadas polos

gandeiros. O topónimo do lugar ven determinado precisamente pola trampa, xa que se coñece a zona como “O Foxo”. A súa antigüidade exacta non se pode precisar, pero o feito de darlle nome ao lugar, pode determinar unha gran lonxevidade do elemento.



ACCESOS:

Situándonos no Concello de Mondariz, seguimos a estrada norte que cruza o río Tea e chega á parroquia de Gargamala, onde teremos que acceder á aldea de Boente, ubicada na parte máis septentrional da parroquia. Desde aquí parte unha pista forestal que pasa pola estación de arte rupestre de A Gateira, e segue cara ao norte apenas un kilómetro ata un punto de auga ao pe do cal se atopa o foxo.

DESCRICIÓN:

Presenta un estado de conservación moi ruinoso, cunha alta porcentaxe das paredes que converxen no buraco en estado vestixial e practicamente desaparecidas no tramo final da converxencia co pozo. O buraco é a parte mellor conservada da estrutura cinxética, coa súa armazón practicamente intacta, lementando só a presenza no seu interior dunha densa capa de vexetación e dalgunhas pedras do derrume superior do mesmo.



Pozo cuberto de vexetación

Está situado a 460 m de altitude, co pozo orientado cara ao norleste nunha zona chaira onde se desenvolve a derradeira secuencia da batida do lobo.

A parede sur mide 126 m e está moi deteriorada, non conservando ningún alzado completo do paramento pétreo e polo tanto, ningunha das capeas que recubrían a parte superior dos muros. Na zona chaira máis cercana ao pozo, o seu estado é case vestixial, con zonas nas que está completamente arrasado, conservando restos do seu paramento na parte superior da ladeira que ascende ao cumio, onde remata a parede. O muro norte mide 134 m, estando tamén totalmente arrasado na zona cercana ao buraco e conservando dúas-tres fiadas do seu paramento na ladeira que ascende ao cumio. Esta vertente está densamente cuberta de vexetación, e oculta o volume de derrume do muro que nalgunos tramos chega a conservar un metro de altura. Temos que precisar que no caso desta sebe, a súa mensuración é aproximada, dado que a densa vexetación, non permite comprobar se continua polo cumio seguindo o afloramento rochoso.



Detalle construtivo da parede norte

Ambos presentan a mesma técnica construtiva, con pedras ciclópeas na base, sobre as que se ergue o resto do muro, coa colocación de lousas máis pequenas e irregulares recibidas en seco, ata unha altura superior aos dous metros. As dúas paredes presentan a particularidade de que aproveitan o afloramento rochoso para integralo como muro da trampa, reenchendo as faltas volumétricas do afloramento con pequenas lousas. A ala norte presenta a media ladeira un pequeno boquete ou porta

que durante a batida sería tapada cunha cancela de madeira e permitía entrar ou saír aos monteiros do interior da trampa.



Restos da parede co boquete


O pozo non é exento, senón escavado no chan, e está algo derruído, aínda que conserva unha profundidade de máis de dous metros e un diámetro medio de sete metros. Non podemos precisar con exatitude o seu modo de recepción final do lobo, se por boqueiro alintelado ou paso estreito, aínda que dada a cercanía co foxo de Chan de Anduriña e a presenza dunha gran lousa plana preto do perímetro, cremos que sería por paso alintelado do mesmo xeito que o dobre foxo de Cotodeira. O fondo do pozo, está cuberto cunha densa capa vexetal de silvas, uces, fentos e codesos, toxos e bidueiros.

Non se conservan estruturas de pedra asociadas a esta trampa, coa funcionalidade de postos de espera de cazadores para abatir aos lobos que lograsen evadir o foxo.

O aparello empregado para a construción da estrutura cinxética foi extraído dos afloramentos rochosos circundantes, nos que aínda se perciben pegadas de labouras estrativas tradicionais.

O foxo de Gargamala, tería unha lonxevidade semellante ao de Cotodeira, ata a metade do século XX, habendo memoria oral do seu emprego na década dos 40. Foi utilizado ao longo dos anos polas parroquias situadas ao redor de Cotodeira: As Estacas, Ventín, Traspuelas, Xunqueira, Gargamala e Sabaxáns, que desenvolveron ao longo da Idade Media grandes batidas ludicofestivas co propósito de acabar cos lobos que perxudicaban ao seu gando. Estas batidas nas que podían participar máis de 200 persoas eran consideradas polo veciños como un gran día de festa, coa animación de gaiteiros e foliós.

Funcionamento do foxo de Gargamala



A continuación represéntase sobredimensionado sobre unha fotografía o desenlace final dunha batida do lobo no foxo de Gargamala. En puntos roxos o foxo do lobo situado na portela, co buraco na parte norleste da chaira e pechando o paso do lobo

cara a Serra de Cotodeira. Os macacos azuis representan as voces, que estarían estratexicamente colocadas polo Monteiro Maior nos outeiros para dirixir a batida e informar de calquera movemento extraño do lobo. Os macacos verdes representan a prolongación do muros do foxo para impedir que o lobo escapase por esa alas trampa durante o desenlace final da corrida. Finalmente as frechas vermellas representan o sentido da batida, onde os lobos entrarían no recinto interior do foxo perseguidos polo tropel da montería.

